



Deputación
DA CORUÑA

Boletín de Medio ambiente

Nº 206
15/12/2021



Castro e miradoiro do Alto de San Lois

A menos de 3 km do centro da vila de **Noia** álzase unha **pequena montaña** que **se eleva ata os 363 m sobre o mar**. É o Alto de San Lois, un magnífico e privilegiado enclave para gozar dunha das **mellores panorámicas da Ría de Muros e Noia**. Ademais, este accidente xeográfico é un punto crave para as delimitacións administrativas, xa que moí preto do seu punto máis alto divídense **tres concellos e ata catro parroquias**: Camboño en Lousame, Miñortos en Porto do Son e Boa e Argalo no mesmo concello de Noia.

Noticias

O Porto da Coruña estima que Langosteira será autosuficiente en enerxía no 2023

A Autoridade Portuaria estima que no 2023 o porto exterior de Langosteira será o primeiro de España «neutro en emisións de carbono e enerxeticamente autosuficiente, coa **utilización ao 100% de enerxía renovable** producida no propio recinto».

Ese ano deben estar **operativos os dous primeiros proxectos** coñecidos do **plan A Coruña Green Port**, co que a Autoridade Portuaria quere implantar o uso de novas enerxías na dársena. Así, nos dous últimos anos logrouse **reducir a pegada de carbono das instalacións portuarias nun 84 %**.

Máis Info

Expertos coruñeses alertan en Europa sobre o risco de desaparición dos cabalos salvaxes

A iniciativa europea **Life GrazeLIFE**, na que participan, ademais dos expertos da Universidade da Coruña, equipos de oito países distintos, promove a **xestión sostible do territorio mediante o pastoreo e o uso de grandes herbívoros**. As conclusións do equipo coruñés denotan a urxencia de poñer os medios para seguir conservando unha das riquezas endémicas máis singulares de Galicia: **os cabalos salvaxes ou bestas**, ante o risco de que teñan os días contados.

Máis Info

Pragas cada vez menos estacionais: así se distribúen por España ratas, cascudas, mosquitos...

Sufrir a picadura dun mosquito en decembro ou atopar cascudas na rúa en xaneiro. Estas situacións, máis propias dos meses de abril e outubro, cando as temperaturas son máis altas que no inverno, **poderían ser cada vez máis habituais no futuro.**

O **cambio climático** e o maior confort dos espazos interiores permiten xa a moitas especies de **pragas** tanto sobrevivir na época invernal como ter unha actividade maior da habitual cando chegan os meses do frío. Unha vez dito isto, **as pragas son cada vez menos estacionais.**

Más Info

A empresa coruñesa Greenalia avanza no desenvolvemento do Gofio

A empresa coruñesa Greenalia dá outro paso firme no desenvolvemento do seu parque eólico mariño flotante: 'Gofio', situado no Sueste da Illa de Gran Canaria, coa recente obtención da autorización en materia de servidumes aeronáuticas por parte de **AESA** (Axencia Estatal de Seguridade Aérea) para a montaxe do **catro aeroxeradores** do parque.

Greenalia confirma así a súa aposta e compromiso polo desenvolvemento dos proxectos de enerxía eólica mariña flotante, unha das fontes de xeración renovable chamada a ser base do crecemento verde en Europa para os próximos anos.

O **obxectivo de Greenalia** é obter as autorizacións ambientais e administrativas necesarias para a construción do parque eólico mariño e, con iso, conseguir que Gofio sexa o primeiro parque conectado a Rede na costa.

Más Info

Fainos máis felices vivir preto dun parque?

Levantarnos ás 7:00 da mañá, ducharnos adormecidos, almorzar a fume de carozo, bregar cun atasco e unha marabunta humana para ir traballar ou a estudar, comer de fiambre recalentada, volver a casa, facernos cargo de persoas dependentes, ir á compra, poñer unha lavadora e un longo etcétera de tarefas e responsabilidades coas que lidamos día a día.

Pódese compaxinar este ritmo de vida frenético co mantemento dun estado emocional saudable? Como se pode ser feliz ante semellantes niveis de tensións? É posible que a solución estea máis preto do que creemos.

O verde asóciase tradicionalmente coa **esperanza da primavera e as colleitas agrícolas** que garanten alimentos e bonanza para os meses vindeiros. **Esta concepción clásica pode adaptarse ao campo da saúde mental.** De feito, segundo estudo publicado na revista Nature, **ter contacto visual con parques urbanos pode causar unha sensación de alivio emocional.** A priori, mirar pola xanela e atopar un espazo vexetado e aberto parece máis atractivo que toparse cun mole de formigón asfixiante, verdade?

Más Info

Sabías que...

Coincidindo co Día Internacional dos Dereitos Humanos, desde 1997, o **10 de decembro** festéxase tamén o **Día Internacional dos Dereitos dos Animais.** O **obxectivo** apunta a lograr que se estableza un **debate público** sobre a forma na que se trata aos animais, co fin de que, se consiga un recoñecemento internacional dos dereitos fundamentais que estes deben ter a non ser explotados, maltratados e/ou abusados.

Mestura informativa

RECEITA ECOLÓXICA: Brochetas de porco caramelizado con piña

Ingredientes (para 4 persoas):

Lombo de porco 500 g, piña natural 300 g, zume de lima 2, mel 4 cucharadas, salsa de soia 2 cucharadas, xenxibre moído 1/2 cucharadita, salsa Sriracha 1/2 cucharadita, tomate cherry 200 g, aceite de oliva 2 cucharadas.

Comezaremos a receita **cortando a carne de porco e a piña en dados grandes**. Nun bol mesturamos o zume de lima, o mel, a salsa de soia, a salsa sriracha e o xenxibre. Removemos e engadimos os dados de carne e piña, mezclamos e deixamos **marinar** durante 15 minutos. Nunhas brochetas de metal ou madeira inserimos un dado de carne, un de piña, un dado de carne e un tomate cherry. Repetimos esta operación ata encher a lonxitude da brocheta...

Máis Info

A alimentación do século XXI

Si comparamos a alimentación dos nosos pais ou avós, coa nosa alimentación na actualidade, veremos que cada vez perdemos máis a esencia da nosa cultura alimentaria, tamén coñecida como **dieta mediterránea**.

O **consumo** de peixe, froitos secos, verduras e froitas do mesmo xeito que sentarnos en familia para poder comer é cada vez **máis inusual**. Observando a evolución das nosas dietas, podemos afirmar que sufriron un **cambio** importante pero á súa vez **negativo**. E debido a estas modificacións, a nosa poboación é máis propensa a padecer enfermidades como a **obesidade, a hipertensión, a hipercolesterolemia, a diabetes**, etc.

Máis info

'O Gran Camiño': Un evento ciclista que percorrerá Galicia en febreiro

A Deputación da Coruña impulsará na provincia o maior evento ciclista do próximo ano en Galicia: 'O Gran Camiño'. Un encontro no que **participarán equipos profesionais nacionais e internacionais** e que configura "unha volta propia para o territorio galego", que destaca noutras competicións de enorme repercusión nacional e internacional como A Volta a España.

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso remarcou a **colaboración entre as catro deputacións do territorio galego e a Xunta de Galicia** para dar apoio a un deporte que goza dun importante protagonismo na provincia e que serve para poñer **en valor do turismo, arte, gastronomía, cultura e historia da Coruña**.

Máis Info

O mel está en grave perigo polo cambio climático

Nos últimos anos, diferentes estudos científicos sinalaron o **declive das abellas**, asediadas por multitude de ameazas. A **produción de mel redúcese** porque as abellas están a perder a súa capacidade polinizadora. Isto parece ir en aumento debido a diversas **pragas e enfermidades**, consecuencia da perda e deterioración dos seus hábitats.

O auténtico problema: o **descenso da poboación mundial de abellas**. Unha das consecuencias directamente ligadas ao cambio climático está a ser a drástica redución de polinizadores invertebrados que en gran medida comezan a enfrontarse á extinción. En Europa o 37% das poboacións de abellas diminuíron e calcúlase que xa desapareceu o 90% desta especie de insectos.

Máis Info

Boas Prácticas

BENITO NOVATILU e o Concello de Barcelona, unidos para mellorar a seguridade viaria das escolas

100 contornas escolares con menos coches e contaminación en Barcelona, estes son os resultados obtidos polo Concello de Barcelona desde que decidiu presentar o programa "Protexemos as escolas" en 2020.

Con esta iniciativa, o Concello de Barcelona decidiu apostar pola **seguridade e o benestar dos nenos e nenas**. Co fin de alcanzar o seu obxectivo, a cidade está a levar a cabo varias reformas para pacificar o tráfico na contorna escolar entre as que destacan a **redución de carrís e da velocidade de circulación**, a creación de **zonas de xogo** espontáneo e a instalación de **elementos de seguridade**.

Máis info

Barcelona, recoñecida con dous premios internacionais pola súa "accesibilidade universal"

Barcelona foi recoñecida pola súa "**accesibilidade universal**" con dous premios internacionais: o Acces City Award da Comisión Europea e o Zero Protect. O **Acces City Award** é un premio para as cidades máis accesibles de Europa, no que poden demostrar as súas iniciativas para "eliminar as barreiras e para ser lugares mellores onde todo o mundo poida traballar e vivir". O **Zero Project 2022**, recoñeceu un total de 76 prácticas e políticas innovadoras de 35 países baixo os criterios de "innovación, impacto e escalabilidade" e premiou a **accesibilidade dos novos trens de Transportes Metropolitanos de Barcelona (TMB)**.

Máis Info

A Deputación da Coruña ofrecerá obradoiros sobre incendios forestais en centros educativos da provincia non marco do proxecto europeo GEFRECON

No marco do proxecto europeo **Xestión Forestal Conxunta para Prevención de Incendios en Territorio POCTEP (GEFRECON)**, a Deputación organiza obradoiros sobre **autoprotección fronte a incendios** en varios centros de educación secundaria da provincia, **en colaboración** co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (**CEIDA**), co **obxectivo** de concienciar á poboación en idade escolar sobre a importancia dúas nosos montes.

Máis Info

Axenda Ambiental

 **Concurso de debuxo, fotografía e vídeo "XX Aniversario Aranzuez Paisaxe Cultural Patrimonio da Humanidade**. Importancia da reciclaxe no mantemento do noso patrimonio arbóreo, os nosos bosques e a súa biodiversidade. Economía circular".

Prazo límite 21 de decembro de 2021.

Ver Boletíns anteriores

Deputación da Coruña
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
Email: medioambiente@dacoruna.gal